

comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

Con data 27 de xullo de 2009, o Consello Social da Universidade de Vigo comunica a renuncia de José María Casas de Ron como representante dos intereses sociais por designación da Xunta de Galicia no seu Consello Social, sendo designado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 6 de agosto de 2009 para cubrir a vacante producida, José María Franco García.

Con data 27 de agosto de 2009, o Consello Social da Universidade de Vigo comunica a renuncia de Margarita Castejón García como representante do Concello de Pontevedra, sendo designado polo Pleno do dito concello na súa reunión do 24 de xullo de 2009 para cubrir a vacante producida Julio Castela Martínez.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Que cese José María Casas de Ron como representante dos intereses sociais por designación da Xunta de Galicia no Consello Social da Universidade de Vigo, nomeando na súa substitución a José María Franco García.

Artigo 2º

Que cese Margarita Castejón García como representante do Concello de Pontevedra no Consello Social da Universidade de Vigo, nomeando na súa substitución a Julio Castela Martínez.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 3 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se fai pública a convocatoria e a orde do día da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

En cumprimento do establecido no artigo 8.3º do Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, na súa nova redacción fixada polo Decreto 195/1991, do 30 de maio,

(DOG do 11 de abril), polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, e segundo o establecido no Decreto 261/1992, do 17 de setembro, polo que se amplía a composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, logo da conformidade do presidente da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Primeiro.-Convocar a reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas que terá lugar o vindeiro 6 de decembro, ás 10.00 horas, no Centro Gallego de Montevideo, rúa San José 870, 11100 Montevideo. República Oriental do Uruguai.

Segundo.-A orde do día da dita reunión será a que figura como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Orde do día da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar o 6 de decembro de 2009, ás 10.00 horas, no Centro Gallego de Montevideo, rúa San José 870, 11100 Montevideo. República Oriental do Uruguai.

1. Constitución da comisión.
2. Apertura da sesión a cargo do secretario xeral da Emigración. Informe das actividades realizadas no ano 2009.
3. Informe a cargo do subdirector de Centros e Comunidades Galegas, sobre aspectos diferenciadores para a convocatoria dos plans e programas de actuación da Secretaría Xeral para o ano 2010.
4. Presentación do programa de actos do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.
5. Estudo e aprobación das ponencias do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.
6. Conformidade ás normas de elección dos membros da Comisión Delegada 2010-2012.
7. Rolda de intervencións libres.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 21 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de biocidas.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanida-